

ACTA DA VIXESIMOPRIMEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA FEGAMP:

Alfonso Villares Bermúdez - Vicepresidente primeiro da Fegamp

POLA XUNTA DE GALICIA:

Soledad Castro Díaz – Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural

ASISTENTES PRESENCIALES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

David Prieto Fernández – Subdirector Xeral de Defensa do Monte
Carmen Seco García – Xefa de servizo de actuacións preventivas

POLA FEGAMP:

Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POR SEAGA:

Antón Barral Álvarez – Licenciado en Dereito
Carmen Paz López – Enxeñeira de Montes

Sendo as 10:00 horas do día 14 de xullo de 2022, réunese a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1) Lectura e aprobación da acta 20ª da reunión da Comisión do 28 de outubro de 2021.
- 2) Creación dun grupo de traballo para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio.
- 3) Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión ao convenio.
- 4) Aprobación, se procede, das solicitudes recibidas para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano.



- 5) Aprobación, se procede, das solicitudes de actuación en vías de titularidade municipal.
- 6) Entregas de material a asociacións veciñais
- 7) Parroquias priorizadas
- 8) Solicitudes de actuación de persoal supervisor das franxas secundarias de xestión de biomasa en parroquias non priorizadas.
- 9) Apertura pública do visor de faixas
- 10) Formación no emprego da aplicación XESBÍO2
- 11) Actualización datos catastrais e parcelario
- 12) Actualización manual procedemento ás modificacións legislativas ocorridas dende a derradeira convocatoria.
- 13) Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA 20ª DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 28 DE OUTUBRO DE 2022.

Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

II.- CREACIÓN DUN GRUPO DE TRABALLO PARA RESOLVER AS CUESTIÓNS ORDINARIAS QUE SE PRESENTEN NA EXECUCIÓN DO PRESENTE CONVENIO.

Coméntase a necesidade da creación dun grupo de traballo para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do Convenio.

Acórdase a creación dun grupo paritario de 9 membros (3 por parte da Xunta, 3 por parte da FEGAMP e 3 por parte de SEAGA). A elección dos participantes quedaría aberta en función dos asuntos a tratar en cada reunión.

A primeira reunión dese grupo queda planificada para os primeiros días de setembro sendo un dos seus obxectivos a revisión e mellora do convenio.

III.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

Concellos A Coruña (1)



Culleredo
Concellos Pontevedra (1)
O Porriño

Admítense as solicitudes de adhesión destes Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

En canto a solicitude de readmisión de Redondela procédese igualmente a admitir dita solicitude.

IV.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES RECIBIDAS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓNS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIAS, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANUALIDADE.

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes para a realización de actuacións derivadas de execucións subsidiarias.

Concello	Código INE	Situación	Observacións
Ourense	32054	3 parcelas	1 cumple, 1 gestionada según xesbio y otra sin documentación
Carballiño	32019	25 parcelas	Aporta relación de parcelas y fecha notificación faltan datos
Ponteareas	36042	19 parcelas	Cumplimentan tabla. Todo ok (6 xestionadas según xesbio)
Dumbria (2022)	15034		Piden 10 ha con aplicación prioritaria a Ezaro (no indican parcelas)
Carballo (2021 y 2022)		Más de 20 expedientes	cumplen requisitos
Barbadás	32008	1 parcela	expediente completo pero está dentro de NUCLEO
Bergondo (2022)	15008	2 parcelas	afectadas por aisladas... completar expediente
Cabana de Bergantiños	15014	3 parcelas (2 xestionadas según supervisores)	sólo aportan denuncias para que tramitemos expediente
Cospeito	27015	2 parcelas (1 aislada)	cumplen requisitos
Cospeito	27015	1 parcela	No está en Xesbio faja de vivienda aislada
Catoira	36010	3 solicitudes 12 parcelas	1 dentro núcleo el resto ok

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018.

2º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que non cumpran estes requisitos condicionando a súa aprobación á emenda ou acreditación dos mesmos.

3º Encargar a Seaga que prepare as correspondentes notificacións para os concellos.

4º Tendo en conta que o presente convenio finaliza o 31 de decembro os traballos de execución quedarán supeditados ao orzamento dispoñible e os prazos necesarios para a execución.

V.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE ACTUACIÓN EN VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Dende a última xuntanza da comisión recibíronse as seguintes solicitudes de actuacións en vías de titularidade municipal:



PROVINCIA	CÓDIGO INE	CONCELLO	Solicitud	Lonxitude_vía admisible (km) 1ª solicitude	Lonxitude_vía admisible (km) ampliación 2ª solicitude	km totais	nº vías > 1k m	nº vías < 1k m	Concello ZAR / NON ZAR	Observacións
Lugo	27004	Baleira	2022	10		10	2	0	NON ZAR	
Lugo	27009	Carballido	2021	10		10	3	0	ZAR	
Lugo	27010	Castro de Rei	2021	10		10	2	0	NON ZAR	
Lugo	27034	Navia de Suarna	2022	9,8		9,8	1	2	ZAR	
Lugo	27040	Palas de Rei	2022	3,5		3,5	1	0	ZAR	
Lugo	27047	Pobra de Brollón	2021	0	3,7	3,7	2	0	NON ZAR	La 1ª solicitude no presenta ningunha vía que cumpla os requisitos.
Lugo	27058	O Saviñao	2021	10		10	5	0	ZAR	
Ourense	32007	Baños de Molgas	2022	6,5		6,5	3	2	ZAR	
Ourense	32009	O Barco de Valdeorras	2022	10		10	3	2	ZAR	
Ourense	32016	Calvos de Randín	2021	9,4		9,4	3	0	ZAR	
Ourense	32019	O Carballiño	2021		2,1	2,1	1	1	ZAR	Solicitaron 2,1 km en una 2ª solicitude del 2021 posterior a la comisión de seguimento del 10/06/2021. (Longitud total solicitada admisible en 2021 entre 1ª y 2ª solicitude = 8,3km)
Ourense	32021	Castro do Val	2022	2,8		2,8	1	0	ZAR	
Ourense	32023	Castro Caldelas	2022	10		10	2	0	ZAR	
Ourense	32025	Cenlle	2021		2,5	2,5	1	1	NON ZAR	Solicitaron 2,5 km en una 2ª solicitude del 2021 posterior a la comisión de seguimento del 10/06/2021. (Longitud total solicitada admisible en 2021 entre 1ª y 2ª solicitude = 4,3km)
Ourense	32027	Cortegada	2022	10		10	4	7	ZAR	
Ourense	32028	Cualedro	2022	10		10	2	1	ZAR	
Ourense	32031	Esgos	2022	10		10	2	1	ZAR	
Ourense	32036	Xunqueira de Ambia	2021		0,347	0,347	0	1	ZAR	Solicitaron 0,347 km en una 2ª solicitude del 2021 posterior a la comisión de seguimento del 10/06/2021. (Longitud total solicitada admisible en 2021 entre 1ª y 2ª solicitude = 1,647km)
Ourense	32059	A Peroxa	2022	9,5		9,5	4	4	NON ZAR	
Ourense	32079	Taboadela	2021	9,9		9,9	2	9	NON ZAR	
Ourense	32088	Vilamartín de Valdeorras	2022	10		10	4	1	NON ZAR	
Pontevedra	36010	Catoira	2022	6		6	2	9	ZAR	

Unha vez valoradas todas estas solicitudes a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes e encargar a Seaga iniciar os traballos necesarios para as actuacións no dominio público das vías solicitadas.

2º Tendo en conta que o presente convenio finaliza o 31 de decembro os traballos de actuación quedarán supeditados ao orzamento dispoñible e os prazos necesarios para a execución dos traballos.

VI.- ENTREGAS DE MATERIAL A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS

Preséntanse o balance das entregas realizadas ata o momento.



Equipamento entregado á Asociación Xuresianos/Geresianos "Axuge" (Concello de Lobios)	Unidades
Motoserra CS420 ES Echo 1.11 Kw(1.51 cv). Xogo de ferramentas	1
Motoserra CS2511 TES Echo 1.6 Kw(1.60 cv). Xogo de ferramentas	2
Rozadoira SRM420 ES Echo 1,78 Kw (2.42 cv). Arnés profesional. Disco 3 puntas e protector. Cabezal de fío e protector. Xogo de ferramentas	3
Pares de espinilleiras	3
Batelumes	10
Tixeira telescópica KM62 conj. Telesc. + cortaramas KM6	1
Serrucho telescópico (3m) kamikaz telex 380-Nh 2"1.5	1
Casco forestal	6
Serrucho de man	3
Bobina de fío Nylon dente tiburón 21 m	15
Cabezal aluminio multi-fío	6
Cadeas motoserra para ambos modelos	23

Equipamento entregado á Asociación Ferial Semana Verde de Galicia (Concello de Silleda)	Unidades
Rozadoira Husqvarna 545RX	3
Motoserra Husqvarna 550XP	1
Chaqueta para roza Technical	3
Pantalón para roza Technical	3
Kit EPI Cassic	1
Discos 3 puntas Husqvarna	6
Cadeas motoserra	3
Caixa de limas 12 u.	1



Equipamento entregado á <i>Asociación veciños Vilarmaior (Concello de Monterroso)</i>	Unidades
Rozadora Kawasaki TJ53E-D53K	3
Rozadora Anova D546HXP	2
Motoserra Anova MG3800 poda con asa	1
Pantalón roza T-M	1
Pantalón roza T-L	2
Pantalón roza T-XL	2
Casco seguridade Anova	5
Disco widea Anova 255x3x25,4	15
Cabezal universal Anova Tor. Inferior	5
Nylon "diente de tiburón" 4,5x16 m	10
Luvas anticorte T-10	2
Luvas anticorte T-9	2
Disco 2 puntas maleza 300x4x25,4	25
Bota anticorte logger class t-42	1
Bota anticorte logger class t-43	1
Pantalón anticorte eco class t-XL	1
Batelumes	6
Disco rozadora anova 3p 25,4 mm	15

Equipamento entregado á <i>Asociación de veciños de Atás (Concello de Cualedro)</i>	Unidades
Motocultor bertolini 413S	1
Rozadoira de martelos bertolini 65 cm	1
Podadora de altura Stihl	1

Equipamento entregado á <i>Asociación de Fomento Forestal (Concello de Vilarmaior)</i>	Unidades
Rozadoira Stihl FS460	3
Motoserra Stihl MS362	2
Batelumes	6
Discos rozadoira Stihl 3 puntas	3
Cascos Stihl	6
Luvas Stihl	6
Cadeas Stihl 66 E 3/8	3

Das solicitudes aprobadas pola anterior Comisión quedaría pendente de realizar a entrega de material correspondente ao Concello de Laza.



VII.- PARROQUIAS PRIORIZADAS

Considerando que o presente convenio finaliza o 31 de decembro a Comisión acorda por unanimidade non proceder a priorizar máis parroquias na anualidade 2022 manténdose a actual situación de parroquias priorizadas e concellos Piloto.

VIII.- SOLICITUDES DE ACTUACIÓN DE PERSOAL SUPERVISOR DAS FRANXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA EN PARROQUIAS NON PRIORIZADAS.

Ata o momento recibíronse na Dirección Xeral solicitudes de actuación en parroquias non priorizadas dos seguintes Concellos:

- Ames
- Tordoia
- Cortegada
- Ourense
- San Cristovo de Cea
- Trasmiras
- Vilar de Santos
- Ponte Caldelas
- Salvaterra de Miño

Mentres non se proceda á contratación dos supervisores para a realización destes traballos acórdase canalizar as peticións de actuación dos concellos con parroquias non priorizadas a través do rexistro electrónico da DX.

En función do número de solicitudes o grupo de traballo fixará os criterios óptimos de selección de concellos a supervisar. Para a selección terase en conta o compromiso de notificación dos concellos así como as actuacións previas realizadas a través do Convenio en anualidades anteriores, tanto de inspeccións como de notificacións/publicacións (tendo prioridade aqueles Concellos que non foron inspeccionados na anualidade anterior). Dende Seaga realizarase a proposta ao grupo de traballo en base as solicitudes realizadas e os datos dispoñibles

Tanto o baremo como a proposta de actuacións será elevada dende o grupo de traballo á comisión de seguimento para que preceda, de ser o caso, a súa aprobación.



IX.- APERTURA PÚBLICA DO VISOR DE FAIXAS

Comenta o subdirector xeral que trasladará ao IET a necesidade de apertura do visor considerando que xa temos un importante número de concellos coas faixas aprobadas definitivamente.

Dende Seaga propónse incorporar ás notificacións o enlace ao visor unha vez que se proceda á apertura ao público do mesmo.

X.- FORMACIÓN NO EMPREGO DA APLICACIÓN XESBIO2

Comunica dende a DX que están traballando nun novo vídeo actualizado explicando o funcionamento de Xesbio.

Dende a FEGAMP solicitan a realización de varias sesións formativas (telemáticas) para que os Concellos interesados reciban formación específica.

Acórdase que dende a DX solicitarán da empresa que leva a aplicación que indiquen 3 datas do mes de setembro nas que realizar esa formación e o número de asistentes máximos para que a mesma poda levarse a cabo.

Unha vez establecidas esas datas acórdase que dende a FEGAMP remitirán comunicacións aos concellos indicando as datas da formación, o enlace para a mesma e o método de inscrición.

XI.- ACTUALIZACIÓN DATOS CATASTRAIS E PARCELARIO

Dende Seaga comunican que en diversas reunións coa UTE que leva a aplicación Xesbio trasladouse a necesidade de actualizar os datos de titularidade catastral e os datos do parcelario.

Na anualidade 2021 traballouse cos datos de catastro do ano 2018 e houbo moitas alegacións por cambio de titularidade ou por non ser titulares das parcelas notificadas.

A día da celebración da reunión actualizáronse os datos de catastro nos Concellos Piloto e nas parroquias priorizadas.

Os traballos de actualización continúan nestes momentos para que as comunicacións correspondentes a anualidade 2022 sexan realizadas cos datos máis actualizados (catastro de 2022)

XII.- ACTUALIZACIÓN DO MANUAL DE PROCEDIMENTO ÁS MODIFICACIÓN LEXISLATIVAS OCORRIDAS DENDE A DERRADEIRA CONVOCATORIA

A raíz dos derradeiros cambios normativos faise necesario actualizar de novo os modelos de notificación/publicación conforme a nova redacción da Lei 3/2007 tras ser modificada pola lei de acompañamento dos presupostos xerais.



Incorpóranse como documentación anexa a presente acta os modelos corrixidos e adaptados á redacción actual da Lei 3/2007 e a tipografía e logotipos utilizados na actualidade pola Consellería.

Logo da revisión dos textos acórdase a modificación dos modelos contidos no manual de procedemento dando traslado destes cambios a Xesbio2 para a súa incorporación á aplicación.

XIII.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai rogos nin preguntas polo que, sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 11:30 horas da data sinalada no encabezamento.

